



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 09 DE XUÑO DE 2017.

PROCESO DE ACEPTACION OU RENUNCIA DE PRAZA E PROCEDEMENTO DE PAGO CONVOCATORIA ALUMNADO 3º ESO “VIGO EN INGLÉS 2017”.

Prezada familia, a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08/06/17, adoptou entre outros, o acordo de aprobar as listaxes definitivas de alumnado de 3º ESO seleccionado para participar no programa “VIGO EN INGLÉS 2017”, polo que todos aqueles alumnos/as que resultaron adxudicatarios destas prazas, **NO PRAZO CONTADO DENDE O LUNS 12 DE XUÑO ATA A DATA LIMITE DO VENRES 16 DE XUÑO,** deberán achegar o Anexo V de aceptación / renuncia de praza e naqueles casos que proceda, realizar o pago da achega familiar que corresponda.

- **ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS EXENTOS/AS DE PAGO:** Deberán achegar en prazo o Anexo V desta convocatoria coa aceptación expresa ou renuncia da praza, que poderán xestionar vía telemática no seguinte sitio web <http://vigo.org/vigo-ingles>, ou remitilo vía e-mail na caixa de correo-e vigoeningles@vigo.org, ou entregalo persoalmente no Servizo Municipal de Educación.
- **ALUMNOS/AS BENEFICIARIOS/AS CON TASA DE PAGO:** Deberán achegar en prazo o xustificante do pagamento da contía asignada de achega familiar que corresponda efectuado nas seguintes entidades bancarias colaboradoras (Abanca, Banco Pastor, Banco Popular, Banco de Sabadell, Banco de Santander, Caixabank, Ibercaja, Novo Banco e BBVA), acompañado do Anexo V coa aceptación expresa da praza, que poderán xestionar vía telemática no seguinte sitio web <http://vigo.org/vigo-ingles>

A non presentación do Anexo V e/ou a non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adxudicada. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente xustificada (enfermidade, accidente... co correspondente xustificante médico).

Todo aquel alumnado que procedente da lista de agarda da rede pública ou privada-concertada, sexa chamado a aceptar unha praza por baixa ou renuncia dun adxudicatario/a, deberá achegar a mesma documentación anteriormente relacionada (anexo V de aceptación de praza e xustificante de pago bancario se procede) no prazo que se lle indicará por parte do Servizo Municipal de Educación.